

MISA CON NENOS

19 de marzo 2017 - CORESMA 3º-A

Xoán 4,5-42: "Señor dáme desa auga, así non terei máis sede".



**Na Coresma descobre
a Xesús.**

**É AUGA: déixate saciar
por El.**

1. MONICIÓN DE ENTRADA. ACOLLIDA

Irmáns e irmás, queridos nenos e nenas.

Estamos xa no terceiro domingo de Coresma.

Hoxe Xesús vainos dicir que El é a auga que quita a sede total, que El é a auga que dá vida por iso nós podemos dicir ben forte VIVA A AUGA DA VIDA!, porque sen ela os xardíns serían deserto, os animais morrerían de sede, as persoas non poderían vivir. Grazas, Señor, por ser a auga que nos quita a sede de amor, de paz, de felicidade. Señor. E hoxe tamén nos acordaremos de pedir pola falta de auga en tantos países do mundo.

(Poderíase poñer un recipiente con AUGA a ser posible preto da pía bautismal e unha frase: ES A auga VIVA. Nun momento da celebración pódese invitar a que algúns nenos e adultos se acheguen ao recipiente e tomando auga nos dedos, fagan o sinal da cruz mentres se recita o Credo ou se canta algo bautismal: "A auga do Señor").

-No nome do Pai ... Xesucristo é a fonte de auga que mana ata a vida eterna. Que a súa graza e a súa paz sexa con todos vós.

2. PERDÓN

Recoñecemos os nosos pecados:

- Porque no bautismo lavaches os nosos pecados e nos deches a vida nova da graza. **Señor, ten piedade.** *(Posibilidade de que a lea un catequista)*

- Polas veces que buscamos beber nos pozos do egoísmo, da insolidariedade, esquecéndonos do que sofre. **Cristo, ten piedade.** *(Posibilidade de que a lea un pai/nai)*

- Porque non nos cremos que Ti Señor es a auga que quita a sede do mal. **Señor, ten piedade.** *(Posibilidade de que a lea un nenos/nenas)*

Que Deus, o noso Pai, teña misericordia de nós, perdoe os nosos pecados e nos leve á vida eterna.

3. PALABRA DE DEUS

MONICION:

As lecturas deste terceiro domingo de coresma invítannos a poñer a Deus no centro da nosa vida. No libro do **Éxodo**, Moisés pide a Deus auga para beber e el dálla. No **evanxeo**, Xesús preséntase como a fonte de auga viva, que apaga toda sede e invítanos a ter sede de Deus. **S. Paulo** recórdanos de onde nos vén a salvación e o perdón que recibimos.

LECTURAS

• ÉXODO 17, 3-7:

Dános auga que beber.

• SALMO 94:

R/. Oxalá escoitedes hoxe a voz do Señor: «non endurezades o voso corazón».

• ROMANOS 5, 1-2. 5-8:

• O amor foi derramado en nós co espírito que se nos deu.

• **XOÁN 4, 5-15. 19B-26. 39A. 40-42: Un surtidor de auga que salta ata a vida eterna.**

Narrador: Naquel tempo, chegou Xesús a unha cidade de Samaría chamada Sicar, preto do campo que deu Xacob ao seu fillo Xosé; alí estaba o pozo de Xacob. Xesús, canso do camiño, estaba alí sentado xunto ao pozo. Era cara á hora sexta. Chega unha muller de Samaría a sacar auga, e Xesús dille:

Xesús: -«*Dáme de beber*».

Narrador: Os seus discípulos foran á vila mercar comida. A samaritana dille:

Samaritana: -«*Como ti, sendo xudeu, me pides de beber a min, que son samaritana?*»

Narrador: Os xudeus non se tratan cos samaritanos. Xesús contestoulle:

Xesús: -«*Se coñeceses o don de Deus e quen é o que che di “dáme de beber”, pediríaslle ti, e el daríache auga viva*».

Narrador: A muller dille:

Samaritana: -«*Señor, se non tes cubo, e o pozo é fondo, de onde sacas a auga viva?; es ti máis que o noso pai Xacob, que nos deu este pozo, e del beberon el e os seus fillos e os seus gandos?*».

Narrador: Xesús contestoulle: «*O que bebe desta auga volve ter sede; pero o que beba da auga que eu lle darei nunca máis terá sede: a auga que eu lle darei converterase dentro del nun surtidor de auga que salta ata a vida eterna*».

Narrador: A muller dille:

Samaritana: -«*Señor, dáme esa auga: así non terei máis sed, nin terei que vir aquí sacala. Sei que vai vir o Mesías, o Cristo; cando veña, el diránolo todo*».

Narrador: Xesús dille:

Xesús: -«*Son eu, o que fala contigo*».

Narrador: Naquela vila moitos creron nel. Así, cando chegaron a velo os samaritanos, rogábanlle que se quedase con eles. E quedou alí dous días. Aínda creron moitos máis pola súa predicación, e dicíanlle á muller:

Veciños: -«*Xa non cremos polo que ti dis; nós mesmos o temos oído e sabemos que el é de verdade o Salvador do mundo*».

Palabra do Señor.

(Narrador – Xesús – Samaritana - Veciños)

4. ORACIÓN DA COMUNIDADE

(Sacerdote): Cheos de fe, oremos confiadamente ao Señor. Digámoslle: -

Danos da túa auga, Señor.

1. Para que a Igrexa sexa sempre unha fonte onde poidamos beber os sacramentos, a Palabra de Deus e o silencio que nos leva ata El.

Oremos.

2. Para que nada nin ninguén nos enganen cando nos ofrezan actividades que nos afasten do amor de Deus. *Oremos.*

3. Para que, como a Samaritana, escoitemos o Señor e nos deixemos levar por El. *Oremos.*

4. Para que abramos os nosos cántaros, que son os nosos corazóns, e Deus poida enchelos da súa auga viva que é a súa presenza, a súa Palabra e o seu Espírito Santo. *Oremos.*

5. Para que tamén nós saibamos levar a alegría da nosa fe, que é a auga que recibimos polo noso Bautismo, á nosa familia, amigos e coñecidos. Roguemos ao Señor. *Oremos.*

(Sacerdote): Escoita as nosas peticións, Señor, e dános a forza para levalas á práctica. Pedímoscho por Xesucristo, noso Señor. Amén.

5. PRESENTACIÓN DE OFRENDAS

- VASO DE AUGA BALEIRO:

Señor, presentámosche este vaso de auga baleiro, con el querémosche ofrecer nosa sede do corazón, a nosa sede de Deus.

-XERRO CON AUGA:

Con este xerro de auga queremos dar grazas a todas as persoas que nos levan ao encontro contigo, Xesús, Auga Viva: sacerdotes, catequistas, país, avós, amigos.

- O PAN E O VIÑO:

Ao ofrecerche este pan e viño que se converterán en fonte de vida, expresamos o noso desexo de que te fagas presente nas nosas vidas para sempre. E dámosche grazas polos pozos nos que nos atopamos contigo: a oración, a eucaristía, a Palabra e a Igrexa.



6.- ACCIÓN DE GRAZAS

Teño sede, dáme da túa auga.

Xesús:

Nesta coresma queremos coñecerte, amarte e seguirte máis fielmente. Non só Auga, auga viva, que apaga toda sede.

Aquí estou, xunto a ti co meu cántaro baleiro. vin pedirche auga, a túa que é viva.

Teño sede, Xesús. Dáme auga da túa e que se converta dentro de min nun manancial que salta dando unha vida sen termo.

Dáme desta auga Señor, non quero ir a outros pozos, non quero augas estancadas. Quero a túa auga viva.

Xesús, enche o meu pobre cántaro. Quero deixar aquí o meu barro, a miña pobreza, o meu pecado, a miña nada.

Quero sentir a necesidade de acudir cada día á túa fonte a beber para continuar a marcha. Dáme a auga viva, esa auga que sacia e dura sempre.

E que a fe, que a vida da graza recibida no bautismo, corra polas miñas veas como manancial de vida inesgotable.

Así, a través do meu testemuño, outros moitos poidan crer en ti, Xesús, como o seu Salvador.

7.- ALGUNHAS SUXESTIÓNS:



- Pode, perfectamente, representarse o Evanxeo. Un pozo (a pía bautismal?); Xesús e a Samaritana cun cubo. E establecemos o diálogo entre ambos.

- Poderíase debuxar nunha cartolina unha pinga de auga pequena, escribimos nela unha frase do evanxeo que máis nos guste e regalámoslla a aquela persoa ou persoas que necesitan Auga Viva de Xesús.

- Na Coresma preparámonos para renovar o bautismo na vixilia pascual. Recordade que ao bautizarnos bendicimos a auga da pía bautismal e derramámola na cabeza. Achegádevos á pía e dicide: *"Xesús, es a auga viva: lávame, purifícame, dáme de beber. Grazas pola fonte de auga viva na que fun bautizado"*.
- Ao entrar no templo, achégate á pía de auga bendita, toca a auga e dille: *"Xesús grazas polo meu bautismo, lava o meu pecado, transfórmame, renóvame por dentro, dáme máis fe, éncheme da túa vida de graza. E axúdame a ser testemuña para que outros crean en ti"*.



REDE CATEQUISTAS GALICIA